

Bolsas de produción DKV/MARCO 2015

Bases da convocatoria

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

O MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, centro de arte creado para a difusión de propostas culturais contemporáneas, basea a súa identidade no dinamismo da súa programación e no seu espírito participativo. A actividade principal, en torno á cal se articula o resto da programación, son as exposicións temporais dedicadas á produción artística recente nos seus máis variados campos creativos.

O MARCO realiza exposicións colectivas e individuais na súa maioría de produción propia. No seu compromiso de achegamento á cidadanía e de fomento de hábitos de consumo cultural, o programa educativo do MARCO é parte esencial do día a día do centro, integrándose plenamente nas diferentes propostas museísticas.

A Fundación MARCO está formada polo Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, organismos que achegan fondos para o desenvolvemento das actividades do centro.

DKV Seguros

Grupo DKV Seguros pertencen a Munich Health, a división que agrupa as compañías especialistas en saúde de Munich Re dende 2006. O grupo asegurador Munich Re, no ámbito da saúde, combina o seu coñecemento global en seguros e reaseguros, incluídos os servizos. En España, o Grupo DKV está implantado en todo o territorio nacional, cunha ampla rede de oficinas e consultorios na que traballan case 2.000 empregados, e que dá servizo a preto de 2 millóns de clientes. A súa vocación é ofrecer aos seus asegurados unha xestión orientada á calidade, caracterizada por unha actitude de innovación permanente en produtos e servizos e pola especialización en saúde e seguros persoais.

A compañía aseguradora especializada en saúde DKV Seguros creou ARTERIA DKV, un programa dedicado a impulsar diferentes accións que fomentan a creación artística, sempre ligada á saúde e a mellorar a calidade de vida das persoas. Deste xeito, fiel ao seu compromiso artístico, DKV Seguros pretende impulsar a innovación e a creatividade en xeral entre o sector asegurador e sanitario, ademais de fomentalas como un valor na sociedade.

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é outorgar dúas bolsas de produción para a realización de sendos proxectos de artistas españois ou con residencia legal en España, nados en ou despois de 1972. Cada unha das devanditas producións terá unha dotación máxima de 4.500 € brutos, incluíndo os honorarios do artista, ademais de acceso aos espazos de traballo e utilización de todos os recursos técnicos e humanos do MARCO.

As dúas obras gañadoras das bolsas de produción presentaranse dende outubro de 2015 na planta baixa do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, nunha exposición na que se exhibirán acompañadas doutras obras producidas por DKV e pertencentes á súa colección. DKV terá dereito a adquirir as obras resultantes das bolsas, se o seu comité así decídeo, por unha cantidade que non superará os 3.000 €. DKV Seguros e o MARCO traballarán e favorecerán a itinerancia das pezas gañadoras a outros espazos do estado español.

CONDICIÓNS

- # A dotación económica cubrirá a totalidade dos gastos derivados da produción da obra cunha dotación de 4.500 € —sometida ao IRPF e demais impostos de acordo coa lexislación vixente—, logo de aprobación de proxecto seleccionado e o seu orzamento correspondente. Á parte MARCO e DKV correrán a cargo das viaxes e aloxamento e estadia dos bolseiros en Vigo, durante o tempo que se considere necesario en cada un dos casos.
- # En caso de que sexa necesario, o MARCO porá a disposición dos bolseiros os equipos técnicos e elementos de montaxe necesarios para mostrar o seu traballo durante a exposición, sen que estes teñan que ser contemplados no orzamento de produción.
- # Os proxectos deberán ser orixinais, específicos e inéditos. Non se admitirán nesta convocatoria aqueles traballos que fosen editados ou premiados anteriormente.
- # Os autores dos proxectos seleccionados cederán ao MARCO e a DKV Seguros os dereitos de comunicación pública durante o período de exposición e os de difusión da obra con fins promocionais e para a incorporación á web, a mediateca e o arquivo do MARCO para fins didácticos e de investigación.
- # DKV Seguros acordará con cada artista as condicións particulares de adquisición da obra.
- # A selección dos proxectos gañadores correrá a cargo dun xurado formado por Josep Santacreu (ou en quen delegue) e Alicia Ventura como membros designados por DKV Seguros, Iñaki Martínez Antelo e Agar Ledo como representantes do MARCO e un xurado externo. A decisión será inapelable. Poderá optar calquera artista ou colectivo, español ou con residencia legal en España, nado en ou despois de 1972.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os proxectos serán valorados por un xurado en función dos seguintes criterios:

- # O valor artístico e cultural dos proxectos presentados.
- # A viabilidade de realización en función dos prazos e o orzamento.
- # A viabilidade técnica da proposta en canto á súa execución.

PRESENTACIÓN

O formulario de solicitude deberá incluír a seguinte información:

- # Título do proxecto.
- # Xustificación do proxecto (máximo 300 palabras).
- # Descrición do proxecto (máximo 500 palabras).
- # Requirimentos técnicos do proxecto (formato listaxe).
- # Imaxes do proxecto.
- # Bosquexo do deseño expositivo.
- # CV do artista ou colectivo (máximo 300 palabras).
- # Informe co traballo anterior do artista ou colectivo.
- # Acceso ao proxecto vía web, caso de que fose posible.
- # Orzamento detallado do proxecto en cada unha das súas fases.

PRAZOS

O prazo para o envío da documentación conclúe o 10 de abril de 2015. A documentación recibida despois desa data non será valorada.

A documentación haberá de enviarse a:
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Bolsa de produción DKV Seguros # MARCO
C/ Príncipe 54
36202 Vigo

Os resultados desta convocatoria de carácter aberto serán anunciados na web de MARCO (www.marcovigo.com) e mediante comunicado aos medios de comunicación. A exposición terá lugar de outubro de 2015 a febreiro de 2016, en datas que se confirmarán unha vez concedidas as bolsas de produción.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

Para calquera información adicional ou consultas sobre a convocatoria:
info@marcovigo.com

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das presentes bases.
